



Xornalistas Galegas reivindica un tratamento especializado da información sobre violencia de xénero

O colectivo lembra aos medios a necesidade de contar con profesionais e fontes especializadas neste ámbito e instaos a evitar a difusión de contidos que banalicen a problemática ou sostenten discursos misóxinos

Co gallo do 25 N a asociación remite ás redaccións unha compilación sobre guías, manuais, decálogos e informes existentes para abordar esta temática

Santiago, 23 de novembro de 2020. A asociación Xornalistas Galegas, formada por mulleres profesionais de todos os ámbitos da comunicación comprometidas cun xornalismo feminista, reivindica un tratamento especializado da información sobre violencia de xénero. Neste sentido, o colectivo lembra ás directivas dos medios de comunicación a necesidade de contar con profesionais e fontes especializadas á hora de informar sobre esta problemática.

A asociación, constituída en 2018 e cuxo manifesto fundacional foi asinado por preto de 200 mulleres da comunicación de Galicia, insta ademáis ás cúpulas dos medios de comunicación a evitar a difusión de contidos que banalicen a violencia de xénero, que atenten contra a igualdade entre sexos e a dignidade da muller ou que sosteñan mensaxes misóxinas, tal como recollen os manuais profesionais e deontolóxicos para unha correcta información sobre violencia de xénero.

Para contribuir ao bo facer profesional, co gallo do 25, Xornalistas Galegas vén de remitir ás redaccións dos medios unha compilación sobre guías, manuais, decálogos e informes existentes para abordar esta temática. Entre as suxestións do colectivo atópanse a Declaración de Compostela impulsada hai agora 14 anos polo Observatorio Galego de Medios e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, o manual Medios de Comunicación e Violencia de Xénero da Xunta de Galicia ou a guía do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, así como diversos traballos académicos e profesionais de institucións e empresas xornalísticas privadas de ámbito autonómico e estatal. Así mesmo, Xornalistas Galegas lembra tamén que estes textos poden consultarse gratuitamente na rede por todas as persoas interesadas e atópanse dispoñibles na páxina web do colectivo www.xornalistasgalegas.org.

Finalmente, seguindo as recomendacións propostas polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, Xornalistas Galegas chama ao cumprimento das seguintes regras básicas para traballar información sobre violencia machista nas redaccións:

- Acudir a voces expertas en materia xurídica, psicolóxica e policial así como colectivos

feministas para contextualizar o problema social da #ViolenciaMachista.

- Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas e incorporar sempre o teléfono de información gratuito 016, clarexando que non deixa pegada na factura.
- Estas agresións deben enfocarse como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.
- Titular con rigor. Evitar expresións que atenúen a responsabilidade criminal dos maltratadores ou asesinos.
- Identificar o agresor como único responsable. Obviar os comentarios que culpen á vítima ou banalicen a agresión.
- Rexeitar detalles morbosos e imaxes que poñan en perigo a integridade física ou psicolóxica da agredida.
- Impedir a difusión de informacións que presenten a muller nun papel subalterno ou dependente.
- Divulgar as mobilizacións de rexeitamento á violencia machista convocadas polos colectivos feministas, apelando á responsabilidade social dos medios de comunicación para contribuir a erradicala.

Manuais de referencia

Canto aos manuais, guías e referencias documentais para o tratamento rigoroso das informacións relativas á violencia de xénero, Xornalistas Galegas recomenda a consulta de:

- Declaración de Compostela. 2004. Impulsada polo Observatorio Galego de Medios ao amparo do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Endecálogo de recomendacións para o tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia.
- Medios de Comunicación e Violencia de Xenero. Manual de Redacción Xornalística. 2007. Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar. Xunta de Galicia
- Guía práctica para o tratamento informativo do sufrimento humano. Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Conta cun apartado específico sobre a violencia machista.
- Recomendacións para a información sobre violencia de xénero de CRTVG. 2015. Aprobadas polo Consello de Administración de CRTVG para uso nos medios públicos galegos.
- Informe sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios galegos. 2007. Elaborado polo Grupo de Investigación Cidadanía e Comunicación (CIDACOM). Analiza o grao de cumprimento da Declaración de Compostela.
- Manual de estilo para o tratamento da violencia machista e linguaxe inclusiva. 2018. Referencia máis actualizada de ámbito estatal. Dispoñible para descarga gratuita na web da Unió de Periodistes Valencians: unioperiodistes.org
- Decálogo para el tratamiento informativo de la Violencia Machista. 2015. Asociación de Prensa de Madrid. Asumido polos medios dixitais Ctxt.es, Diagonal, Infolibre, La Marea, Periodistas-es.org, Publico.es, TMEX, eldiario.es.

Saúdos.

Xornalistas Galegas

Para máis información:

Email: xornalistasgalegas@gmail.com

[Manifesto – Por un Xornalismo Feminista](#)

WEB xornalistasgalegas.org

TWITTER [@asxornalistas](https://twitter.com/asxornalistas)